



Concello de Vilariño de Conso

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PEÓNS FORESTAIS, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE AGOSTO DE 2017.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de 2 PEÓNS FORESTAIS , durante nove meses a xornada completa, na modalidade de contrato para obra ou servizo de interese social, para prestar os seus servizos co Concello de Vilariño de Conso, ao abeiro da Orde do 29 de agosto de 2017, -DOG nº 171, do 8 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.

Nº de postos: 2 peóns forestais. Grupo de cotización 10.

Xornada: completa

Retribucións: 982,53 € brutos/mes, incluída prorrata da paga extra.

Duración: 9 meses.

Servizo ou obra: Melloras en zonas públicas do Concello de Vilariño de Conso.

Funcións: Desbroces, limpeza, protección do bosque, mantemento de xardíns e obras menores.

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

SEGUNDA: NATUREZA DO CONTRATO

A natureza do contrato será laboral temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, ó abeiro do establecido na lexislación vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do correspondente contrato ou a alta de dito contrato, e rematando seis meses despois. Os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen período de proba.

TERCEIRA: LEXISLACIÓN APLICABLE.

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido:

- No Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 30 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Demais normativa aplicable.

Así mesmo, estas contratacións rexeranse polo establecido na Orde do 29 de agosto de 2017, -DOG nº 171, do 8 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.

CUARTA: FINANCIAMENTO

A presente contratación está financiada pola subvención concedida ó efecto pola Consellería de Traballo e Benestar, con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Vilariño de Conso.

QUINTA: PUBLICIDADE

De conformidade co disposto na orde reguladora, das presentes bases terá constancia a Oficina de Emprego de Viana do Bolo (Ourense), así como serán expostas no Taboleiro de Edictos do Concello e web municipal www.vilarinodeconso.es

SEXTA: REQUISITOS DOS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO



Concello de Vilariño de Conso

SELECTIVO.

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar desempregado/a e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.
- b) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (anexo II). No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións, deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.
(As persoas seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.)
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu caso e nos mesmos termos, o acceso ó emprego público (anexo II)
- f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas (anexo II).
- g) Non se require titulación académica.
- h) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

Os requisitos previstos estarán na data de remate da presentación de instancias e deberán manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

SÉTIMA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PROCESO DE SELECCIÓN: CONCURSO

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 14 e seguintes da orde do 29 de agosto de 2017.



Concello de Vilariño de Conso

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán estar desempregados e inscritos na Oficina de Emprego de Viana do Bolo, a través da que se formulará a correspondente oferta.

O Concello de Vilariño de Conso dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello, e na páxina web do concello e presentará unha oferta de emprego ante a oficiña de emprego de Viana do Bolo, facendo referencia os requisitos que debe reunir o traballador a contratar.

O Servizo Público de emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. Aportará alomenos dous candidatos e non mais de dez remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14 da Orde do 29 de agosto de 2017, -DOG nº 171, do 8 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017:

- Mulleres e, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate ó conxuxe, fillos e fillas menores de vinteseis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

O Concello solicitará ós/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado. So serán admitidos e poderán presentarse a este proceso selectivo os candidatos/as que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia, de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido ningún outro candidato que non figure no citado listado.

Os traballadores que fosen contratados por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo as axudas previstas nesta orde de convocatoria.

Os interesados/as en participar neste proceso selectivo, previamente



Concello de Vilariño de Conso

preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, presentarán a súa instancia no modelo normalizado establecido polo concello (ANEXO I), facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados destas bases. Presentarase debidamente cuberto no rexistro xeral do Concello, **no prazo de dous días hábiles** dende que o concello o comunicara os aspirantes remitidos polo Servizo Galego de Emprego.

As instancias debidamente cubertas (anexo I), achegaránse os documentos que a continuación se indican:

- Anexo II
- Copia compulsada do DNI/pasaporte. No caso de aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Informe do periodo de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Documentación acreditativa dos méritos que se alegan e que serán obxecto de valoración (orixinais ou copias compulsadas).

OITAVA: SELECCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e páxina web, sinalándose un prazo de un día hábil contados dende o seguinte ó da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso o defecto que motivou a exclusión.

Unha vez transcurrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva contra a cal se poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano no prazo de un mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderse interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade coa lei 29/1998, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos ós que se refiren.

OITAVA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario cos seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde-Presidente da Corporación:

Todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto (agás o secretario, que terá voz pero non voto).

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Teto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na



Concello de Vilariño de Conso

designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e na Lei do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA: VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso, debendo o tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo á puntuación obtida. Respecto ós méritos computables, será de acordo ó establecido no artigo 14 da orde do 29 de agosto de 2017.

Polo tribunal de valoración examínase a documentación entregada polos aspirantes os efectos de determinar unha maior adecuación ó posto de traballo. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación de instancias. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

Segundo o establecido no artigo 14, apartado 5), terán preferencia en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

A selección realízase de conformidade co previsto nas presentes bases cos candidatos preseleccionados e remitidos pola oficina de emprego correspondente, despois de confirmar que cada un dos candidatos preseleccionados cumpre cos requisitos establecidos na orde de convocatoria.

FASE DE CONCURSO

Establécense os seguintes criterios específicos: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar, cargas familiares e nivel de protección por desemprego, sumando una puntuación máxima de 12 puntos.

1.-Segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 29 de agosto de 2017 (APROL Rural), terán preferencia neste programa a pertenza ós seguintes colectivos:

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 29 de agosto de 2017 (Aprol Rural), da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta preferencia será valorada ata un máximo de 9 puntos. Os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar son:



Concello de Vilariño de Conso

- a) Mulleres, e en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Neste apartado punturarase por ser muller 1 punto, e no caso de ser vítima de violencia de xénero sumaría un punto mais, acadando un máximo de 2 puntos.
- b) Persoas demandantes menores de 30 anos (1 punto).
Neste apartado incrementarase:
Demandante que tendo menos de 30 anos non tivese emprego anterior (é dicir ningún contrato laboral que figure no informe de vida laboral): 0,50 puntos.
Demandante que non teña acadado os estudos de graduado en ESO: 0,50 puntos.
Podendo acadar neste apartado un máximo de 2 puntos.
- c) Persoas paradas de longa duración (máis de un ano) (1 punto).
- d) Persoas con discapacidade (0,50 puntos)
- e) Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (2 puntos).
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (2 puntos).
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da Renda de Integración Social de Galicia (1 punto).
- h) Aqueles desempregados que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (0,50 puntos).

2.- Menor nivel de protección por desemprego e cargas familiares (Máximo 3 puntos):

Terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas ao cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 1 punto, previa acreditación documental.

O menor nivel de desemprego (máximo 2 punto): presentarse un certificado ou informe da oficina de emprego correspondente da acreditación de se o candidato é:

- Perceptor por desemprego: 0,50 puntos.
- Perceptor de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 1 punto.
- Non perceptores: 2 puntos.

Empates:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- 1º) En caso de empate entre varios candidatos atenderíase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.
- 2º) De persistir o empate atenderase a maior puntuación acadada no apartado nivel de desemprego
- 3º) De persistir o empate atenderíase á maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.
- 4º) De persistir o empate atenderase á condición de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 5º) De seguir manténdose o empate acudiríase en última instancia ó sorteo entre as partes implicadas.

Os aspirantes presentarán toda a documentación precisa que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na orde, e aquela precisa para a valoración de méritos:



Concello de Vilariño de Conso

-Mulleres e, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (DNI e sentenza xudicial que acredite dita condición).

-Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional (DNI, vida laboral, título ou certificado de nivel de estudos máis alto do que dispoña).

-Persoas paradas de longa duración (informe ou certificado do Servizo Público de Emprego).

-Persoas con discapacidade (certificado de minusvalía).

-Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (Certificado ou informe do Servizo Público de Emprego).

-Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarias da renda de integración social de Galicia (informe de servizos sociais de pertenza a algún dos colectivos).

-Cargas familiares (copia do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, e calquera outra documentación que acredite ditas circunstancias).

DECIMA: RESOLUCIÓN

O secretario do tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ó longo do proceso selectivo, sendo a cualificación final do proceso selectivo a suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aspirantes ós postos de traballo, coa puntuación acadada, por orde de puntuación no taboleiro de edictos do concello e na páxina web. En caso de empate este resolverase a favor do aspirante que obteña maior puntuación no factor do tempo de desemprego, de seguir manténdose o empate iríase ó factor de formación continua e si aínda así se mantén acudiríase en última instancia a sorteo entre as partes.

Finalizado o proceso de selección elevarase ó órgano competente a proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes aos de postos que se convocan, quedando os demais en lista de reserva por si se produce algunha renuncia, baixa ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

UNDECIMA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de 2 días hábiles a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

-Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

-Copia compulsada da tarxeta da seguridade social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados ser



Concello de Vilariño de Conso

prexuízo das responsabilidades en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ó candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suporto anterior.

DUODÉCIMA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada por un periodo de 9 meses e a xornada completa.

DECIMO TERCEIRA: IMPUGNACIÓN

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interponerse, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no taboleiro de edictos do concello e na súa páxina web, ante o alcalde do concello de Vilariño, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contenciosos-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese condicionar máis convinte par o seu dereito.

DECIMO CUARTA: INCIDENCIAS

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nas bases. Así mesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación coas efectos e resolución do contrato será a xurisdicción social.

En Vilariño de Conso,

A ALCALDESA
D^a. Melisa Macía Domínguez.



Concello de Vilariño de Conso

(ANEXO I)

MODELO DE INSTANCIA:

D^o/Dna:....., con DNI nº..... e
domicilio en, C.P..... localidade
..... Teléfono.....

DECLARO:

1.-Que teño coñecemento da convocatoria publicada para a selección de 2 peóns forestais a xornada completa durante nove meses en réxime de dereito laboral temporal, do Concello de Vilariño de Conso segundo Orde do 29 de agosto de 2017, -DOG nº 171, do 8 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.

2.-Que coñezo na súa integridade as bases reguladoras que rexen a convocatoria e que reuno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

3.- Autorizo o Concello de Vilariño de Conso para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI), e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de edictos e calquer outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

E SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no proceso selectivo, someténdome expresamente ás bases reguladoras, e aporsto a seguinte documentación:

-
-

Concello de Vilariño de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilariño de Conso. 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269



Concello de Vilariño de Conso

-

En _____, ____ de _____ de 2017.

O/A solicitante preseleccionado.

Asdo: _____

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

(ANEXO II)

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Dº/Dña:....., con DNI nº..... e
domicilio en C.P..... localidade
..... Teléfono.....

DECLARO

-Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas, non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu caso e nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

-Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

En _____, a ____ de _____ de 2017

O/A solicitante preseleccionado.

Concello de Vilariño de Conso



Concello de Vilariño de Conso

Asdo: D/D^a. _____